



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REXISTRO XERAL
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 06/08/2013 11:55:04

SAÍDA 77123 / RX 496349



GESTORA DE SUBPRODUTOS DE GALICIA
 PARQUE EMPRESARIAL S-1 - MATELA
 271500 – OUTEIRO DE REI - LUGO

Asunto: Modificación do código de Planta Intermedia de Categoría 2.

Con data 31/07/2013, a directora xeral de Produción Agropecuaria da Consellería de Medio Rural e do Mar, ditou resolución respecto da solicitude presentada relativa ó procedemento de referencia, co texto íntegro seguinte:

CAMBIO DAS CONDICIÓN DO CÓDIGO DE AUTORIZACIÓN DE PLANTA INTERMEDIA.

APELIDOS E NOME / RAZON SOCIAL GESTORA DE SUBPRODUTOS DE GALICIA, S.L. (GESUGA, S.L)	N.I.F B15862667
ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO PARQUE EMPRESARIAL S-1 - MATELA.	CONCELLO 27150 OUTEIRO DE REI
ENTIDADE GESTORA DE SUBPRODUTOS DE GALICIA, S.L. (GESUGA,S.L.)	PROVINCIA LUGO

ANTECEDENTES

- Con data 09/07/2010 o director xeral de Produción Agropecuaria emitiu resolucións de **Autorización de Planta Intermedia de Categoría 2**, co código ES.27.01.PI-C2, a nome de GESTORA DE SUBPRODUTOS DE GALICIA, S.L. (GESUGA).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- 1) Regulamento (CE) Nº 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) Nº 1774/2002.
- 2) Regulamento (CE) Nº 142/2011 da Comisión polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e produtos derivados non destinados ao consumo humano e a Directiva 97/78/CE do Consello en canto a determinadas mostras e unidades exentas dos controis veterinarios na fronteira en virtude da mesma.
- 3) O artigo 24 do Real Decreto 1528/2012, de 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, obriga a asignar a cada establecemento, planta ou explotador un código de identificación único a nivel nacional, cunha estrutura determinada.
- 4) O director xeral de Produción Agropecuaria é competente para resolver o expediente segundo a Estrutura Orgánica da Consellería do Medio Rural, establecida polo Decreto 318/2009.

Por todo o exposto, e vista a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Modificar o código da Planta Intermedia de Categoría 2 a nome de **GESTORA DE SUBPRODUTOS DE GALICIA, S.L. (GESUGA)**. pasando a ter o seguinte Número de Rexistro: **S.27.039.003**

Contra a presente resolución, ó non ser firme en vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada ante o secretario de Medio Rural e Montes, no prazo DUN MES, a contar desde a súa notificación, consonte os artigos 114 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co artigo 26º.3.c) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e cos artigos 13, 15 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2013

O xefe do servizo de Seguridade Alimentaria nas Producións Gandeiras

Gerardo Rivero Cuesta

